

ACTA N.º 2022/3

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN

-VENRES 29 DE ABRIL DO 2022-

En data 29 de abril do 2022, sendo as 20 horas e 13 minutos, reúnen-se na Casa Consistorial do Concello de Cerdido os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia do secretario en réxime de acumulación, co obxecto de celebrar en primeira convocatoria, Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación.

PRESIDE: Don Benigno Galego Castro.

ASISTEN: Don Candido Eusebio Preto Lago, Dona Rocío Martínez Martínez, Dona Marina Tojeiro Martínez, Dona Cristina Carrodegas Graña, Dona Patricia Santalla Pérez, Don Alberto Javier Rey Paz e Dona María Amalia Díaz Rodríguez.

Xustifica ausencia : Don David Prada Aneiros.

SECRETARIO-INTERVENTOR: Don Manuel Larrosa Rodríguez.

Constátase a presenza dos mementos deste órgano en quórum suficiente, polo que o Alcalde como Presidente declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

ORDE DO DÍA

Primeiro.- Aprobación se procede da acta de sesión plenaria anterior celebrada o 28 de febreiro do 2022.

Sometida a votación a acta da sesión plenaria celebrada en data 28 de febreiro do 2022, é aprobada por unanimidade.

Neste apartado o Sr. Alberto J. Rey Paz lembra que unha pregunta relativa a beneficiarios de material informático non se lle contestou.

Segundo.- Modificación de crédito de carácter extraordinario financiado con remanente líquido de Tesourería para gastos xerais 2021.

Visto o Informe de Intervención emitido polo Secretario-Interventor do Concello de Cerdido en data 20 de abril do 2022 respecto a modificación de crédito de carácter extraordinario financiado con remanente líquido de Tesourería para gastos xerais 2021 foi asinada a Proposta de Alcaldía que deseguido se reproduce textualmente

PROPOSTA DE ALCALDÍA

Visto que no expediente da liquidación do orzamento de 2021, aprobado mediante resolución da Alcaldía nº 60/2022, do 31 de marzo de 2022, resultou unha cantidade de remanente de tesourería para gastos xerais por un total de 509.067,11 euros.

Partindo das seguinte premisas aplicables a este Concello:

- Suspensión das regras fiscais.
- Inexistencia de débeda comercial e financeira a 31 de decembro.
- Situación de déficit orzamentario en termos de contabilidade nacional.

Considerando que a normativa de aplicación a ter en conta en canto ao destino dos gastos a financiar co remanente de tesourería para gastos xerais contense nas normas previstas nos artigos 172 a 182 do TRLRFL e a súa normativa de desenvolvemento nos artigos 34 a 51 do RD 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenrola o Capítulo I do Título VI da Lei 39/1988, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos.

Visto que os gastos propostos para os cales se propón a modificación, e que non poden demorarse ata o exercicio seguinte e para os que non existe crédito no Orzamento (créditos extraordinarios) ou o crédito previsto é insuficiente (suplemento de crédito) son os que se sinalan deseguido:

PARTIDA	DENOMINACIÓN	IMPORTE	TIPO	DESCRIPCIÓN
161 63300	Abastecemento de auga. Ampliación e mellora da rede.	40.000,00 €	CE	Gastos de reparación e mellora na rede de abastecemento de auga. Reparación de maquinaria: válvulas, etc
161 63900	Saneamento. Outros investimentos de reposición asociados ao funcionamento dos servizos.	20.000,00 €	CE	Gastos de mantemento e mellora no saneamento. Fosas sépticas.
161 22706	Saneamento. Estudos e traballos técnicos.	3.000,00 €	SC	Análise vertidos
1531 22706	Vías públicas. Estudos e traballos técnicos.	6.000,00 €	SC	Redacción proxectos para obras en vías municipais
1531 61900	Vías públicas. Reposición infraestruturas.	24.124,24 €	SC	Pavimentación de vias no Porto (A barqueira) e outro
1531 61900	Vías públicas. Reposición infraestruturas.	55.875,76 €	SC	Melloras de vias.



165	61900	Alumeado público. Reposición infraestruturas.	103.023,52 €	SC	Contrato IDAE. Renovación e mellora alumeado exterior do Concello de Cerdido
342	22706	Instalacións deportivas. Estudos e traballos técnicos.	3.000,00 €	SC	Redacción de proxectos para piscina municipal.
920	22706	Administración xeral. Estudos e traballos técnicos.	30.000,00 €	CE	Redacción de proxectos para edificios. Subvención fondos europeos.
170	21300	Medio ambiente. Reparación de maquinaria.	20.000,00 €	CE	Reparación tractor desbrozadora.
920	62200	Administración xeral. Edificios e outras construcións.	60.000,00 €	CE	Adquisición e acondicionamento de edificio para dependencias municipais.
920	60000	Administración xeral. Investimentos en terreos.	20.000,00 €	SC	Adquisición de terreos.
330	13100		16.485,92 €	SC	Pagamento indemnización por sentenza xudicial.
TOTAL			401.509,44 €		

Visto que o presente expediente de crédito extraordinario/suplemento de crédito finánciase mediante o Remanente Líquido de Tesouraría para gastos xerais derivado da Liquidación do Orzamento de 2021 por importe total de 401.509,44€.

Visto o informe favorable de Intervención.

Sobre a base de todo o exposto, propónse ao Pleno da Corporación, en virtude do disposto nas Bases de Execución do Orzamento, a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO. Aprobar provisionalmente o expediente de modificación orzamentaria, segundo o seguinte desglose:

MODIFICACIÓNS NO ESTADO DE GASTOS

PARTIDA	DENOMINACIÓN	IMPORTE	TIPO	DESCRIPCIÓN	
161	63300	Abastecemento de auga. Ampliación e mellora da rede.	40.000,00 €	CE	Gastos de reparación e mellora na rede de abastecemento de auga. Reparación de maquinaria: válvulas, etc
161	63900	Saneamento. Outros investimentos de reposición asociados ao funcionamento dos servizos.	20.000,00 €	CE	Gastos de mantemento e mellora no saneamento. Fosas sépticas.



161	22706	Saneamento. Estudos e traballos técnicos.	3.000,00 €	SC	Análise vertidos
1531	22706	Vías públicas. Estudos e traballos técnicos.	6.000,00 €	SC	Redacción proxectos para obras en vías municipais
1531	61900	Vías públicas. Reposición infraestruturas.	24.124,24 €	SC	Pavimentación de vias no Porto (A barqueira) e outro
1531	61900	Vías públicas. Reposición infraestruturas.	55.875,76 €	SC	Melloras de vias.
165	61900	Alumeado público. Reposición infraestruturas.	103.023,52 €	SC	Contrato IDAE. Renovación e mellora alumeado exterior do Concello de Cerdido
342	22706	Instalacións deportivas. Estudos e traballos técnicos.	3.000,00 €	SC	Redacción de proxectos para piscina municipal.
920	22706	Administración xeral. Estudos e traballos técnicos.	30.000,00 €	CE	Redacción de proxectos para edificios. Subvención fondos europeos.
170	21300	Medio ambiente. Reparación de maquinaria.	20.000,00 €	CE	Reparación tractor desbrozadora.
920	62200	Administración xeral. Edificios e outras construcións.	60.000,00 €	CE	Adquisición e acondicionamento de edificio para dependencias municipais.
920	60000	Administración xeral. Investimentos en terreos.	20.000,00 €	SC	Adquisición de terreos.
330	13100		16.485,92 €	SC	Pagamento indemnización por sentenza xudicial.
TOTAL			401.509,44 €		

MODIFICACIÓNS NO ESTADO DE INGRESOS

CONCEPTO	DENOMINACIÓN	IMPORTE (en €)
870.00	Remanente para financiamento de gastos xerais	401.509,44 €
TOTAL		401.509,44 €

SEGUNDO. Que se expoña ao público polo prazo de 15 días hábiles, a efectos de reclamacións, de acordo co preceptuado no artigo 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

TERCEIRO. Que no suposto de non presentarse reclamacións contra o mesmo considerárase definitivamente aprobada a modificación, en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

Aberta a quenda de intervencións, pide a palabra o Sr. Alberto J. Rey Paz expoñendo :

Respecto a partida 165-61900, Alumeado público. Reposición infraestruturas por importe de 103.023,52 € ¿Esos cartos non deberían estar xa o ano pasado? ¿Como aparecen un ano despois do contrato de IDAE?

Resposta o Sr. Alcalde : O ano pasado xa estiveron con remanentes e se acaban a 31 de decembro. A achega municipal para este contrato o ano pasado fíxose con remanentes e se non se gasta ao 31 de decembro queda anulado. Entón hai que volver a incorporalos ao ano seguinte.

Novamente toma a palabra o Sr. Alberto Javier Rey Paz, e pregunta : ¿Na partida 920-62200 que son 60.000,00 € para a adquisición e acondicionamento de edificio para dependencias municipais?.

Resposta o Sr. Alcalde : Quedou o local de Abanca baleiro, estase mirando pois sería unha boa opción de comprar e chegar a un acordo con Abanca pois é un local que por situación ao Concello lle viría ben.

Seguidamente toma a palabra a Sra. María Amalia Díaz Rodríguez que pregunta : A Partida 342-22706 referida a Instalacións deportivas, Redacción de proxectos para piscina municipal ¿refírese a execución arranxos?

O Sr. Alcalde explica : Claro, temos que facer un proxecto para cambiar o tipo de caldeira con maior eficiencia enerxética.

Novamente toma a palabra a Sra. María Amalia Díaz Rodríguez e pregunta : ¿A qué se refire a partida de Subvención de fondos europeos?

Aclara o Sr. Alcalde : A idea é a reparación de edificios en base a eficiencia enerxética e facer o proxecto para presentarse a estas axudas europeas. Sendo a Casa de Cultura a principal reforma a executar.

De seguido a Sra. María Amalia Díaz Rodríguez expón : O mellor a casa de turismo rural tampouco era mala idea, ¿non?

Signala o Sr. Alcalde : Según a idea que se teña para a casa rural. Os cartos están ahí e pódese mirar diferentes opcións.

A Sra. María Amalia Díaz Rodríguez volve a preguntar : Teño outra dúbida respecto a Partida 1531-61900 referida a mellora de vias.

Resposta o Sr. Alcalde : Está pensada para todos aqueles viais que vaian aparecendo e para o tramo que nos queda en Penadobico a Casaldegonce.

Volve a intervir a Sra. María Amalia Díaz Rodríguez que pregunta : A Partida 920 de adquisición de terreos ¿é o de Os Casás?

Finalmente intervén o Sr. Alcalde que sinala : Non, eses terreos xa están pagados. Esa adquisición de terreos se refire a unhas parcelas existentes ao lado da nave municipal que xa falaramos de eles o ano pasado.

Considerando a alcaldía suficientemente debatido o asunto, sométeo a votación, acordando o Pleno da Corporación en votación ordinaria e por unanimidade prestar conformidade á mesma e por conseguinte aprobar provisionalmente a proposta de modificación de crédito, modalidade crédito extraordinario financiado con Remanente Líquido de Tesourería para gastos xerais 2021, debéndose publicar no BOP por 15 días, durante os cales as persoas interesadas poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas ante o Pleno. En ausencia das mesmas o presente acordo provisional elevarase automaticamente a definitivo e publicarase no BOP o orzamento resumido por capítulos.

Terceiro.- Retrotraer o expediente da licitación de *Mellora e renovación do alumado público exterior do Concello de Cerdido* ao momento anterior da súa aprobación.

En virtude da Proposta de Alcaldía asinada en data 20 de abril do 2022 referida ao Expediente da licitación de *Mellora e renovación do alumado público exterior do Concello de Cerdido* ao momento anterior da súa aprobación

PROPOSTA DA ALCALDÍA

Vista a resolución do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia de 20 de ABRIL DE 2022 recaída no expediente 2021/C005/000001-bis referente á licitación da mellora e renovación do alumado público exterior do Concello de Cerdido, pola que resolve o recurso especial en materia de contratación interposto por SETGA SLU e se estima parcialmente o mesmo.

Considerando que o TACGal acorda a retroacción do procedemento ao momento anterior á aprobación do PCAP para a súa revisión e axuste daquelas prescricións contempladas na Lei 9/2017 na forma indicada polo TACGal, pero non acorda a nulidade do expediente se non dunhas concretas cláusulas e a retroacción do mesmo ó momento anterior á súa aprobación; podéndose dar cumprimento a esta Resolución por unha dobre vía :

- O desistimento.*
- Simple retroacción do expediente ó momento anterior da súa aprobación polo órgano de contratación, neste caso o Pleno do Concello, substituíndo as cláusulas anuladas por aquelas que se adecúen ás esixencias derivadas da adecuación á Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público.*

Considerando que conforme ó artigo 152 da Lei 9/2017, de 8 de novembro -LCSP-, o desistimento deberá estar fundado nunha infracción non subsanable das normas de preparación do contrato ou das reguladoras do procedemento de adxudicación.

Vistos os preceptos de xeral aplicación, en especial a Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público e a Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

PROPOÑO a adopción do seguinte acordo

PRIMEIRO.- Retrotraer o expediente de licitación ó momento anterior á súa aprobación.

SEGUNDO.- Conservar tódolos actos e trámites anteriores, procedéndose á revisión das cláusulas nos termos indicados polo TACgal para o axuste daquelas ás prescricións contempladas na Lei 9/2017.

TERCEIRO.- Iniciar aprobación do expediente de licitación con publicación na Plataforma de Contratos do Estado incluído o DOUE do novo anuncio de licitación, con outorgamento dun novo prazo de presentación de ofertas e coa advertencia que este anuncio deixa sen efecto o anterior.

CUARTO.- Dar traslado presente acordo ao Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia -TACgal.

Visto o informe do secretario-interventor de 20-04-2022 do seguinte teor literal :

Asunto : Modificacións a introducir nos pregos de cláusulas administrativas particulares da licitación “Mellora e renovación do alumeado público exterior do Concello de Cerdido, expediente 2021/C005/000001-bis” mediante a modificación do mesmo.

ANTECEDENTES

Con data 20 de abril de 2022, o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia dita a resolución recaída no expediente 2021/C005/000001-bis referente á licitación da mellora e renovación do alumeado público exterior do Concello de Cerdido, pola que resolve o recurso especial en materia de contratación interposto por SETGA SLU e se estima parcialmente o mesmo.

O Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia TACGal acorda a retroacción do procedemento ao momento anterior á aprobación do Prego de Condicións Administrativas Particulares para a súa revisión e axuste daquelas prescricións contempladas na Lei 9/2017 na forma indicada polo TACGal, pero non acorda a nulidade do expediente senón dunhas concretas cláusulas e a retroacción do mesmo ó momento anterior á súa aprobación; podéndose dar cumprimento a esta Resolución por unha dobre vía :

- O desistimento.*
- Simple retroacción do expediente ó momento anterior da súa aprobación polo órgano de contratación, neste caso o Pleno do Concello, substituindo as cláusulas anuladas por aquelas que se adecúen ás esixencias derivadas da adecuación á Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público.*

Conforme ó artigo 152 da Lei 9/2017, de 8 de novembro **-LCSP-**, o desistimento deberá estar fundado nunha **infracción non subsanable** das normas de preparación do contrato ou das reguladoras do procedemento de adxudicación.

Sendo procedente modificar os pregos, **haberá que retrotraer as actuacións ó momento previo á aprobación dos pregos, conforme esixe o artigo 122.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público :**

Artículo 122 Pregos de cláusulas administrativas particulares

1. Los pliegos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente a la autorización del gasto o conjuntamente con ella, y siempre antes de la licitación del contrato, o de no existir esta, antes de su adjudicación, y solo podrán ser modificados con posterioridad por error material, de hecho o aritmético. En otro caso, la modificación del pliego conllevará la retroacción de actuaciones.

A retroacción de actuacións deberá ser acordada polo órgano de contratación, o Pleno neste caso. No mesmo acto, o Pleno do Concello acordará a modificación e a nova apertura da licitación.

As ofertas presentadas entenderáanse por non postas, podendo presentarse novamente cando volva a licitarse.

Coa modificación dos pregos, subsiste o resto do expediente de contratación e dos propios pregos.

Na súa virtude procede :

PRIMEIRO.- Retrotraer o expediente de licitación ó momento anterior á súa aprobación.

SEGUNDO.- Conservar tódolos actos e trámites anteriores, procedéndose á revisión das cláusulas nos termos indicados polo TACgal para o axuste daquelas ás prescricións contempladas na Lei 9/2017.

TERCEIRO.- Iniciar aprobación do expediente de licitación con publicación na Plataforma de Contratos do Estado incluído o DOUE do novo anuncio de licitación, con outorgamento dun novo prazo de presentación de ofertas e coa advertencia que este anuncio deixa sen efecto o anterior.

CUARTO.- Dar traslado presente acordo ao Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia -TACgal.

Aberta a quenda de intervencións, pide a palabra e comeza o Sr. Alberto Javier Rey Paz expoñendo : Temos varias cousas que comentar porque xa nos parece de risa este expediente. Un fallo nos pregos pode ser admisible pero o que non é admisible é que o Concello en lugar de corrixilos se dedique a deslexitimar a empresa que presenta o recurso, incluso facendo mención a súa razón social en lugar de corrixir os pregos e envialos. Estas manobras fan pensar e desconfiar de que eses pregos van preparados para algunha empresa en concreto, afín ao Concello, á Deputación ou a consultora que os prepara e a cal se lle paga, esperamos non se lle abone esta rectificación.

Na sesión anterior engañástenos, non nos dixestes nada do recurso que presentastes a ese Tribunal. Votaremos a favor sempre e cando esas cláusulas que manda o Tribunal estean corrixidas debidamente porque se non isto é unha tomadura de pelo.

Vaise pasar o prazo para esta obra, vamos perder a subvención e vai quedar a obra sen facer.

Así, as nosas preguntas respecto a este asunto son claras :

¿Cal é o nome da consultora que redacta os pregos? ¿Canto cobra por ese traballo?

Resposta o Sr. Alcalde : A primeira vez a empresa presentou recurso ante un Tribunal administrativo en base a uns artigos do prego, os cales se modifican e se eleva a proposta de modificación a sesión plenaria anterior para o seu debate. Agora presentaron un recurso en base a uns criterios de valoración que nada teñen que ver coas referidas modificacións do prego.

As resolucións do TACgal están publicadas. Na primeira ocasión, a empresa recorrente alega que non se cumpre coa normativa de Protección de Datos de Carácter Persoal pois os pregos non recollen nada consonte ao artigo 102, entre outras cuestións que non se estiman. Respecto aos pregos de licitación, a empresa alega que so recollen unha cifra global, non estando debidamente orzamentado e desagregado. Esta cuestión é modificada e trasladada ao Pleno na anterior sesión para o coñecemento e oportuna deliberación.

Nos pregos esíxese unha garantía complementaria que o Tribunal considera que debe ser motivada ou retirada. Así, optase pola retirada da esixencia de presentación dunha garantía complementaria.

O único que se menciona dos criterios de valoración neste primeiro recurso é que existen unha contradicións entre a contratación de empresas que teñan nos seus cadros de persoal discapacitados no suposto de desempate, o cal tamén se modifica.

O seguinte prazo que se recorre é o prazo de subscribir o contrato en 15 días naturais pois deberían ser hábiles.

Estas modificacións son as que se fan pois nos manda o TACgal e tráense os pregos modificados ao Pleno onde se aproban.

A empresa volve presentar un recurso que nada ten que ver co primeiro.

Seguidamente intervén o Sr. Alberto Javier Rey Paz: Aquí o TACgal non di eso que estas contando. O TACgal di que non resultou correxida a diferenza entre o artigo relativo a tal tal tal...

Resposta o Sr. Alcalde : Espera Alberto porque estás confundindo dúas cousas. Nosoutros o que lle enviamos ao Tribunal é unha contestación e o Tribunal o que di é que non quedando modificada porque facemos unha modificación de erros que se publica na Plataforma de Contratación Estado pero do segundo recurso e non do primeiro. Son dous expedientes distintos.

A continuación o Sr. Alberto Javier Rey Paz di: 20 de abril do 2022, ese tivo que ser o último recurso.

Resposta o Sr. Alcalde : Si

Intervén o Sr. Alberto Javier Rey Paz: Ese é onde di que non se modifica

Sinala o Sr. Alcalde : Que non se modifica na publicación do segundo expediente e non do primeiro.

Novamente intervén o Sr. Alberto Javier Rey Paz: Entón non está corrixido, é o que di o TACgal.

Sr. Alcalde : Que non está corrixido na modificación de erros do segundo expediente. Non que non se corrixira no primeiro.

Esto funciona así, nosoutros aprobamos o prego en Pleno e subímolo a Plataforma de Contratación do Estado para que as empresas se presenten. Unha empresa recorre eses pregos e o TACgal dinos os motivos polos que recorre a empresa e nosoutros facemos unha corrección de erros materiais. O TACgal o que manifesta é que nesa corrección de erros non se emenda o criterio de valoración e pídenos que se proceda a retrotraer o expediente facendo unha simplificación deses criterios. O que facemos agora é volver aprobalos.

O Sr. Alberto Javier Rey Paz sinala : Eso é o que digo eu, estamos dicindo a mesma cousa. Ademais, decides que esa empresa non ten parte no expediente e non pode presentar recurso pero o TACgal contesta que non señores, esta empresa antes de facer a oferta debe saber e non gastar cartos ata que se solucionen esas cousas. Vosoutros tratades de sacar do medio a esa empresa alegando que a razón social non se corresponde ao contrato que se está a ofrecer.

O Sr. Alcalde matiza : Nos buscamos a forma de que o TACgal diga que non se teña en conta o recurso presentado e siga o expediente adiante.

Intervén o Sr. Alberto Javier Rey Paz: Non será máis doado corrixir os faios que teñan os pregos.

Resposta o Sr. Alcalde : Non.

- **Sendo as 20,27 horas incorporase a Sra. Patricia Santalla Pérez.**

O Sr. Alberto Javier Rey Paz expón : Se os pregos están preparados para outra empresa afín a vosoutros, a Deputación e tamén probable a consultora.

O Sr. Alcalde sinala : Non che vou a permitir esas acusacións porque se fas esa acusación lévasme ao xulgado e vémonos alí porque vouche dicir unha cousa, so unha empresa recorre os pregos se estivese preparado para unha empresa en concreto virían sete empresas pero si mirades as Resolucións do TACgal que están publicadas veredes que se trata dunha empresa que está presentando recursos a todo, a pregos da Deputación de Ourense que nada ten que ver co PSOE, ao Concello de Samos me parece, é lexítimo para eles e algunha vez lles sae ben. Nosoutros intentamos salvar ese escollo e seguir para adiante non ter que volver atrás por tema de prazos o cal é bastante xusto. Agora, nada ten que ver co que estas insinuando ou dicindo claramente porque senón demóstrao.

Estes mesmos pregos son copias do Concello de Cariño e saúlles adiante, por poñer un exemplo de por aquí porque tamén son de máis concellos. Son os mesmos pregos, que é o que pasa que supoño que a empresa pensa que non sae beneficiada porque o material que fabrica non cumpre eses criterios e intenta recorrer por onde sexa aínda que é lexítimo, eu non lle vou dicir a empresa no. Se consideran que poden atacar e anular uns pregos pois están na súa razón, agora non son uns pregos preparados especificamente no Concello de Cerdido. Pensarán que as súas luminarias non poden competir con estes pregos e o intentan.

Seguidamente pide a palabra e intervén o Sr. Alberto Javier Rey Paz: Se o recurso que presenta esa empresa non estivera ben lexitimado e ben construído o Tribunal non lle daba para adiante ao recurso, desestimario e o recurso foi admitido.

Intervén o Sr. Alcalde : E o estamos corrixindo. O que nos di é que nos criterios de valoración as fórmulas son contraditorias ou que non existe moita claridade, pois collemos e corriximolos pero de ahí a que eses pregos estean enfocados a unha empresa... non sei onde sacas ti o da Deputación, que nada ten que ver aquí, se fora así presentarían recurso tódalas empresas que se presentan a estas licitacións, ¿non? Porque se os pregos estiveran presentados para unha empresa o resto protestarían ou presentarían recurso e aquí só presenta unha.

O Sr. Alberto Javier Rey Paz matiza : Eu solo digo unha cousa, o máis fácil era esquecerse de ese recurso e corrixir os erros dos pregos como di o Tribunal. Se non houbera recurso os pregos sairían adiante, non digo que non pero ese recurso está ahí. Haberá que corrixilos e tirar para adiante.

Toma a palabra o Sr. Alcalde : Alberto eso non funciona así. Nosoutros se aprobamos uns pregos é porque pensamos que van enfocados da mellor maneira. Todos sabemos que hai moito Led que non vale para meter no mercado pero está ahí, polo tanto o que se mira e que sexa o máis económico para o Concello e de maior calidade en base a uns criterios recollidos nos pregos que redactan expertos. Vólvoche dicir que non son uns pregos específicos de Cerdido, son pregos que funcionaron en moitos Concellos e nunca se presentou ningún recurso hasta que a empresa viu que non saía ben parada con eses pregos e inténtaos tumbar lexitimamente.

Agora, o que non estou de acordo contigo é que digas que se unha empresa presenta un recurso modifiquemos os pregos.

O Sr. Alberto Javier Rey Paz di : Eu vexo máis fácil. E se hai que modificar supoño que a consultora non cobrará ese traballo porque solo faltaría que tiveran que facer o traballo tres veces e cobren tres veces tamén.

Intervén o Sr. Alcalde : Vólvoche dicir que son os mesmos pregos que se presentaron noutros concellos, non están preparados especificamente para Cerdido. Non insinuedes nin digades cousas que non son porque a primeira resolución do TACgal dinos que temos que modificar unas cousas e así o fixemos, non pensedes que se vos enganou pero esta empresa deixou gardado algo para presentar outro recurso con intención que descoñeza.

Buscade a empresa e os recursos que se presentan ao TACgal e veredes que presenta recurso a tódolos Concellos.

Pide a palabra a Sra. María Amalia Díaz Rodríguez e sinala : Pero este suposto só se deu en Cerdido porque se tamén sucedera noutros Concellos sairía na prensa.

O Secretario-Interventor pide a palabra e expón : Primeiro, este expediente é un dolor de moas para todos. Teño contratos por valor de 6 millóns de euros en Ares e outro en Valdoviño do SAF tamén de igual valor que o tumbaron polo estudo de custos e non pasa nada, rectificamos.

Non é unha sentenza, non é unha irregularidade é unha resolución administrativa de deficiencias que ten o prego, se corríxen e se aproban. Un contrato entre Ares, Fene e Mugar dos de 3 millóns de euros o tumbaron dúas veces e ao final sacámolo adiante e aquí a empresa recorre dúas veces.

O que si é certo, que comenta o Sr. Alberto J. Rey Paz, é que a referencia ó artigo 152 relativo a baixa temeraria non se emendou, é un erro pois debe indicar que é o artigo 147.

Eles falan basicamente da formula matemática de valoración, agora está corrixida. É máis o factor prezo que era 30% subiuse ao 40% automático, non queremos problemas. Antes era 30, 30 e 40. Agora o factor prezo é o 40%, valores fórmulas automáticas 30% e suxeitos a xuízo de valor 30%.

Toma a palabra o Sr. Alberto Javier Rey Paz: Perdoa, ti estas dicindo o exemplo de Valdoviño que presentaron eses recursos e corrixistes os pregos para sacalo adiante, ¿non?

O Sr. Alcalde sinala : En base a unha resolución do TACgal. É o que nos estamos facendo.

O Sr. Alberto Javier Rey Paz expón : Non porque senón non habería o segundo recurso.

Pois estaban moi mal logo. Bueno, nos a proposta votamos a favor sempre que se emenden debidamente todas esas cláusulas que esixe o TACgal.

Toma a palabra o Secretario-Interventor: Se queren podemos ir un por un xustificando que están corrixidos.

Seguidamente o Sr. Alberto Javier Rey Paz di : Chega con que no lo digades. Pero o que non pode ser é que salgamos de aquí e que o Concello presente un recurso a resolución do TACgal.

Novamente pide a palabra o Secretario-Interventor : O recurso o fixen para defender a institución e non entro a defender as empresas nin a consultora, eu entro a defender a institución, defender o prego e quitalo adiante. Agora se fixeron as correccións e para min están corrixidos. Se queren podemos ir unha a unha véndoas, analizando os erros e comprobando que están corrixidos.

O Sr. Alberto Javier Rey Paz expón : Como comprenderan podemos ler os pregos 30 veces pero non imos a entender.

O Secretario-Interventor sinala : Sr. Alberto J., se explica moi brevemente. O da fórmula de valoración son 12 subapartados no prego administrativo e no prego técnico figuraba un anexo contradictorio que é certo que o corriximos porque o suprimimos. Entón o que digo, o factor prezo subiuse de 30 a 40 puntos para que non haxa problemas e creemos que vai corrixido. Insisto, se queres comentamos un por un.

Intervén o Sr. Alcalde : Nos xa da primeira vez intentamos corrixilos e sacar o procedemento adiante.

Toma a palabra o Sr. Alberto Javier Rey Paz: Pero no recurso atacades a lexitimidade da empresa

Resposta o Sr. Alcalde : Nos temos que defendernos, o que esta dicindo o Secretario, búscase a maneira de que admitan as alegacións.

A continuación intervén a Sra. María Amalia Díaz Rodríguez expoñendo : Pero o máis sinxelo será corrixir.

Resposta o Sr. Alcalde : Non porque isto o que implica é paralizar a licitación anterior que xa estaba publicada, levaba 20 días para que se presentasen ofertas e agora temos que suspender, volver a traelo a Pleno, licitalo e publicar no Diario da Unión Europea que levará dous meses máis. Entón, si se pode deslexitimar a empresa e que non teñan fundamento para tumbarnos é o que se intenta. Non lle deron a razón en todo o recurso á empresa. Hai cousas que corriximos e veñen coa modificación de erros, o que se busca e sacalo adiante. Volvo a dicir, se estivera deseñado para unha empresa, virian 7, 8, 9 ou máis empresas presentando recurso dicindo que estes pregos están enfocados para esta luminaria ou empresa en concreto é non é o caso. Hai máis concellos que licitaron con estes mesmos pregos e non recibiron recurso ningún e o TACgal non se meteu de oficio.

Aquí o TACgal interpreta de que hay uns erros, certo, existen contradicións que a fórmula non é clara pois digo o mesmo que o Sr. Alberto J. Rey Paz, eu de isto non entendo.

Toma a palabra a Sra. María Amalia Díaz Rodríguez: Pero si hai uns técnicos que si entenden e teñen que facer o seu traballo.

Resposta o Sr. Alcalde : Por eso os técnicos me din que para que se poña a mellor luminaria ca mellor calidade e menor prezo é esta fórmula, pois dámoslle para adiante. Se a empresa interpreta que non, presenta recurso e o TACgal interpreta que existen erros pois temos que adaptalos pero o TACgal en ningún momento fala de irregularidades, en ningún.

A Sra. María Amalia Díaz Rodríguez: Coméntao o TACgal.

Sinala o Sr. Alcalde : Non, non iso o di a empresa.

A Sra. María Amalia Díaz Rodríguez toma novamente a palabra e sinala : Falta de transparencia

O Sr. Alcalde aclara : Isto non é un trámite xudicial. As empresas non teñen que presentar aval, presentan un recurso e se vai adiante ben pero non é un trámite xudicial. Este é un órgano administrativo especializado en contratación e non se pode falar dunha sentenza xudicial. Poderíamolos levar a un xuízo contencioso administrativo pero perderíamos moito tempo e non temos problema en modificar.

Ademais, non teño dúbida algunha de que a empresa vai seguir presentando recurso, nin a máis mínima dúbida. Agora o que está mirado de arriba abaixo, comprobado é que non leve ningún erro pero pode ser porque estamos falando dun prego de 500 páxinas. Poderá haber algunha contradición dun punto a outro, houbo error materiais como unha diferenza de 34 céntimos nun contrato de 485.000 € para tumbiar uns pregos, considero que non pois vese que é un erro a hora de transcribir.

O meu interese non é perder unha subvención.

Expón a Sra. María Amalia Díaz Rodríguez: Por eso creo que sería de interese miralo.

Continua o Sr. Alcalde : Máis revisado non pode ir Sra. María Amalia Díaz, máis revisado non pode ir. Por que da primeira vez si é verdade que cometemos o erro de facer as modificacións sobre as que nos mandou o TACgal. Ese foi o noso erro, non examinalo todo como de esta vez e a empresa deixouse na manga outras tres cuestións para volver presentar outro recurso que seguramente sabía que lles darían a razón : os criterios de valoración que interpretan que non son transparentes. Eu ahí non me pododo meter, non pododo dicir se son transparentes porque non entendo. É unha fórmula, sei o que se valora pero non sei quen o ten que valorar, si un arquitecto, un enxeñeiro ou un técnico. Non teño nin idea de capacidade luminica nin nada de eso. Esperemos que saia adiante, creo que dos que estamos aquí somos os máis interesados e non comparto esa teoría, o titular polémico do recurso da contratación, sabelo vosoutros que esta contratación ven a Pleno. Explicaranse tódalas ofertas e temos que contratala en Pleno pero vosoutros dádeslle publicidade cunha unha nota de prensa con iso. Aquí non hai contratación, non se contratou nada, non é nada irregular, iso coméntao á empresa que os pregos son irregulares pero eso o TACgal non llo recoñece e se non miramos a resolución do TACgal onde se indica que os pregos son irregulares, entende que existen contradicións, erros, pode ser, non direi que non.

A Sra. María Amalia Díaz Rodríguez di : Si existe todo eso que estas comentado non é pouco.

Resposta o Sr. Alcalde : Pero tamén che digo que a miña intención non era que fose así, a min a empresa dime que o máis económico e o de mellor calidade. Volvo repetir que a empresa colle os pregos que se presentaron en outros concellos e os criterios de valoración son os mesmos, o prezo, número de luminarias e de execución. Non son criterios específicos para Cerdido porque ao Alcalde lle dea a gana. Iso non é así e non vaiades por ahí que non é así. O da contratación ¿en que punto pensades que está este proceso?

Sinala a Sra. María Amalia Díaz Rodríguez: O de licitación que non o de contratación.

Continua o Sr. Alcalde : Exacto, entón ¿como vai haber unha contratación irregular?

Matiza a Sra. María Amalia Díaz Rodríguez: Pero de eso non falou ninguén, fálase dunha licitación.

Toma a palabra novamente o Sr. Alcalde : Digo por certos comentarios que se están oíndo, de populares de Cerdido, da vosa rede social onde indican que vos tedes que enterar pola presa pero estabades convocados para este Pleno dende o martes. Sabes que a contratación ten que vir a Pleno, igual que ven a aprobación dos pregos.

Intervén a Sra. Amalia Díaz Rodríguez e di : Falamos da licitación e do conflito que tedes coa licitación.

Intervén novamente o Sr. Alcalde : Sra. María Amalia Díaz, que temos porque vólvoche dicir que os pregos veñen a Pleno e vosoutros como concelleiros podedes coller os pregos para enviarllos a un experto ou estudalos vosoutros que non sei que capacidade tedes para elo. Así podedes dicir, eu cambiaría isto e traer a proposta ao Pleno porque isto non é unha aprobación do Alcalde.

A continuación intervén o Sr. Alberto Javier Rey Paz: O expediente veu a Pleno, vímolos e podemos ter os pregos pero non pensamos en levalos a ningún lado.

Resposta o Sr. Alcalde : Pero o que si se vos acordou foi dicir que é para unha empresa amiga nosa, eso si que se vos acorda. Non facemos o noso traballo que é vir e pedir todo o expediente e mirar, ese traballo non o facemos, despois dicimos que é para un amigo do Concello.

Señores, para un día que temos público vamos ter respecto e pedir a palabra para que se anime a xente a seguir vindo aos Plenos, que vexan que en política non é todo tirarse os trastos á cabeza.

Por ir resumindo, se queredes miramos as correccións que se fan do que nos manda o TACgal.

O Sr. Alberto Javier Rey Paz manifesta : Se decides que fixestes as correccións...

O secretario-Interventor, toma a palabra e di : Sr. Alberto J. Rey Paz, leva 3 minutos, non é máis.

O Sr. Alberto Javier Rey Paz manifesta : É que nos non os vamos a entender, non os vamos a entender.

Novamente pide a palabra o secretario-Interventor : Para que vexan que a maioría de eles xa foron corrixidos.

Criterios de desempate, o primeiro obxecto de recurso. Comenta o Tribunal que os criterios de desempate aparecen recollidos na resolución de abril polo que o motivo do recurso debe decaer. Polo tanto, xa foi emendado este erro.

Respecto ao artigo 152 da Lei de Contratos e as baixas temerarias, é o 147. Foi un erro que non se emendou. Agora vai rectificadolo.

Matiza o Sr. Alcalde : É un erro de número pois dise 152 pero tense que facer referencia ao 147.

A Sra. María Amalia Díaz Rodríguez expón : Pode cambiar todo de un artigo a outro, menudo erro.

Resposta o Sr. Alcalde : Pero ¿ahí ves intención de darlle o contrato a unha empresa? Vese perfectamente que é un erro.

O secretario-Interventor pide a palabra e explica : Sra. María Amalia Díaz, isto se refire a baixa temeraria que determina a lei. Non ten maior problema pero si que é certo, pois non se trata do artigo 147 e si o 152. A garantía complementaria tamén foi correxida por Resolución de Alcaldía o 11-04-2022 como indica o TACgal. No tema das valoracións, si é certo que na cláusula 15 do prego fai referencia a formulas complexas, son difíciles de entender. O Anexo VII establece unhas valoracións que contradice ao prego administrativo e ten razón o Tribunal e a empresa polo que procedemos a corrixilos.

Por outro lado, denunciase un desfase de céntimos nas algunhas partidas e están rectificadas.

Esperamos que agora sexa a definitiva.

Seguidamente continua o Sr. Alcalde : Nunha licitación as empresas poden facer preguntas na Plataforma, detectar erros e nosoutros contestamos e esa contestación é vinculante. Erros nuns pregos de 500 páxinas vains haber. Mirade as Resolucións do TACgal.

O Sr. Alberto Javier Rey Paz expón : O problema non son os erros pois son admisibles. O que non é admisible para min é non corrixilos e intentar deslexitimar a empresa. Ese é o noso argumento e creo que xa está o asunto debatido.

O Sr. Alcalde intervén novamente e di : Da primeira vez fixemos as correccións que nos dixo o TACgal e o erro que asumo foi non mirar o prego todo pensando que a empresa detectou eses erros e está lexitimada para elo. Esas correccións son as que se trouxeron ao anterior Pleno. O do número non se emendou e foi un fallo. Agora vai revisado pero vendo a empresa vai dicir que algo non se entende, o TACgal dará a razón porque son cuestións de interpretación

A Sra. María Amalia Díaz Rodríguez sinala : Pero o TACgal terá que rexerse por unhas normas e leis estritas que son iguais para todos.

Resposta o Sr. Alcalde : As leis si pero todos sabemos que son interpretables.

Toma a palabra a Sra. María Amalia Díaz Rodríguez: Pero é un Tribunal Administrativo.

Resposta o Sr. Alcalde : O Tribunal interpreta, así o Secretario acaba de mencionar fai pouco que un Tribunal pode interpretar cousas diferentes e vemos isto moitas veces que por un erro de forma non se admite un recurso.

A Sra. María Amalia Díaz Rodríguez: ¿Esto pasou en algunha outra licitación?

Resposta o Sr. Alcalde, Benigno Galego Castro: En nada tan importante como isto.

A Sra. María Amalia Díaz Rodríguez intervén novamente e di : Entón non tedes ningún problema

Resposta o Sr. Alcalde : En ningunha licitación tan importante como esta, certo é que nos pregos tan grandes pode haber erros pero volvo ó mesmo, solventábase cunha pregunta indicando onde atopaban as contradicións. Solucionase cunha contestación que é vinculante ou unha corrección de erros que foi o que fixemos e presentamos na Plataforma para corrixir os erros.

O TACgal dinos que temos que retrotraer o expediente.

A Sra. María Amalia Díaz Rodríguez pregunta : ¿Qué prazo temos?

Resposta o Sr. Alcalde : Temos que contratar antes de agosto, con posibilidade de prórroga pero claro canto se faga mellor

O secretario-Interventor pide a palabra e matiza : Sra. María Amalia Díaz, unha puntualización, ao TACgal non poden ir todos os contratos, os contratos menores non, só poden ter acceso ao TACgal contratos dunha contía determinada, por exemplo as obras pequenas do POS non porque senón todo o mundo estaría recorrendo porque é gratuíto. Solo van entre outros os contratos de obras superior a tres millóns de euros : 3.000.000,00

O Sr. Alcalde expón : xa debatimos antes de forma conxunta, volvemos facer as modificacións propostas polo TACgal, revisamos e simplificamos todo o posible para que non houbera erros, modificamos para que ponderara máis a oferta económica que os criterios obxectivos de redución de prazos e criterios de valor, esperemos que de esta vaia adiante. Agora si que moito máis simple non pode ir, 40 puntos a oferta económica, 30 os criterios obxectivos e 30 os xuízos de valor especificados todos para que non haxa dúbidas. O mesmo de antes pero reducindo un pouco os valores e ben explicado para que non se poidan dar distintas valoracións.

Volvo a dicir que a interpretación feita por un medio de comunicación a raíz dos comentarios de dous psicópatas afirmando que existe unha contratación irregular cando nin sequera existe.

A Sra. María Amalia Díaz Rodríguez pregunta : ¿Eso pode ser un erro de transcripción?

Finalmente intervén o Sr. Alcalde : E volvo dicir, son os mesmos pregos que se presentaron noutros Concellos que foron adxudicados a empresas diferentes. Preséntanse as ofertas económicas e a mellor luminaria é a adxudicataria. O que buscamos tódalas administracións públicas.

Considerando a alcaldía suficientemente debatido o asunto, sométeo a votación acordando o Pleno do Concello en votación ordinaria por unanimidade prestar conformidade á proposta da alcaldía e conseguintemente aprobala mesma nos seus propios termos.

Cuarto.- Aprobar o expediente de contratación de *Mellora e renovación do alumado público exterior do Concello de Cerdido.*

En data 26 de abril do 2022, a Alcaldía do Concello de Cerdido asina a Proposta que deseguido se reproduce

PROPUESTA DE ACUERDO

Vista la memoria técnica complementaria-plan director de alumbrado público del Ayuntamiento de Cerdido. La actuación de reformado del alumbrado del municipio de Cerdido está cofinanciado con cargo al Programa de subvenciones a proyectos singulares de entidades locales que favorezcan el paso a una economía baja en carbono en el marco del programa operativo FEDER de crecimiento sostenible 2014-2020, con una aportación del 80%, y de un valor total de 606.000,67 € (IVA incluido).

Vista la providencia de Alcaldía de 09/11/2021, de inicio del correspondiente procedimiento de contratación.

Vistos los pliegos de cláusulas administrativas y de prescripciones técnicas para la licitación del contrato mixto de mejora y renovación del alumbrado público exterior del término municipal de Cerdido, mediante procedimiento abierto, varios criterios de adjudicación, tramitación ordinaria (expte. 2022/C005/000003).

Vista la Memoria justificativa firmada por la Alcaldía y relativa a, entre otros aspectos, las necesidades a satisfacer y la no división en lotes del contrato al considerar lo siguiente:

“Dada la cuantía del objeto y tipo de proyecto que se ejecutará se entiende que el desglose del presupuesto en varios lotes dificultaría la ejecución de estas desde el punto de vista técnico, al solaparse en las necesidades de cada una de las acciones a realizar, y no teniendo alguna de estas acciones, entidad suficiente para separarlo del resto. En este sentido, se considera que el loteo podría dificultar la ejecución normal del mismo. Por todo lo expuesto, es por lo que no se procede a la división en lotes del objeto del presente Contrato.”

Visto el informe de secretaría e intervención de fechas 16/11/2021, 18/02/2022 e 20/04/2022.

Visto el informe de crédito de la Intervención municipal de fecha 11/11/2021.

Después de examinar la documentación allegada, de conformidad con lo establecido en el artículo 116 y en la disposición adicional segunda de la Ley 9/2017, de Contratos del Sector Público,

En base a lo anterior, se eleva al Pleno la siguiente propuesta de ACUERDO:

PRIMERO: Aprobar el expediente de contratación, mediante procedimiento abierto, varios criterios de adjudicación, tramitación ordinaria, para la licitación del contrato mixto de mejora y renovación del alumbrado público exterior del término municipal de Cerdido (expte 2022/C005/000003), por el precio de 485.804,41 € más el IVA del 21% por importe de 102.018,93 €, lo que da una cantidad total de 587.823,34 € y con un valor estimado de 485.804,41 €.

SEGUNDO: Aprobar la no división en lotes del presente contrato, por las consideraciones expuestas en la Memoria Justificativa que consta en el expediente y las consideraciones plasmadas en el propio Pliego de Cláusulas Administrativas Particulares.

TERCERO: Aprobar los correspondientes pliegos de cláusulas administrativas particulares y de prescripciones técnicas que regirán el contrato y el proceso de adjudicación.

CUARTO: Autorizar con cargo a la partida presupuestaria 165.61900 del presupuesto municipal del ejercicio 2021, el gasto que para este Ayuntamiento representa dicha contratación.

QUINTO: Publicar el corresponde anuncio en la Plataforma de Contratos del Sector Público y en el Diario Oficial de la Unión Europea, con otorgamiento de un nuevo plazo de presentación de ofertas e con la advertencia de que este anuncio deja sin efecto el anterior.

Sometido pola alcaldía a votación, o Pleno do Concello en votación ordinaria por unanimidade prestar conformidade á proposta da alcaldía e conseguintemente aprobalas mesma nos seus propios termos.

CONTROL DOS ÓRGANOS DE GOBERNO

Quinto.- Dar conta ao Pleno da Liquidación do orzamento 2021.

Visto o Informe de Secretaría-Intervención da liquidación do orzamento do Concello de Cerdido do ano 2021 asinado en data 31 de marzo do 2022.

Conclúe o Informe de Secretaría-Intervención emitido en data 31 de marzo do 2022 e referido ao análise do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, de débeda pública, da regra do gasto na liquidación do orzamento do exercicio 2021 que a liquidación do orzamento do Concello de Cerdido do exercicio 2021 *non cumpre co obxectivo de estabilidade orzamentaria, cumpre co límite de débeda establecido e non excede o período medio de pagamento establecido.*

Así as cousas, a Alcaldía asina en data 25 de abril a seguinte proposta

PROPOSTA DE ALCALDÍA

Aprobado por decreto da Alcaldía 30/2022 de 31.03.2022 o expediente da liquidación do Orzamento Xeral de 2021, conforme os informes de secretaria-intervención de liquidación e estabilidade orzamentaria, dáse conta ó Pleno do Concello, de acordo con canto establecen os artigos 193.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e 90.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril co seguinte detalle de resultados:

Primeiro: Informe de Secretaría-Intervención de 31.03.2022 da liquidación do orzamento do ano 2021, de conformidade co artigo 191.3 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais.

1.- Debedores pendentes de cobro a fin de exercicio	8.844,17 €
a.- Debedores pendente de cobro presuposto corrente	18.766,14 €
b.- Debedores pendentes de cobro presuposto pechado	44.156,59 €
c.- De operacións non presupostarias	25.521,44 €
2.- Acredores pendentes de pago a fin de exercicio	37.193,74 €
a.- De presuposto corrente	11.366,90 €
b.- De presuposto pechado	660,94 €
c.- Outras operacións non presupostarias	25.165,90 €
d.- Partidas pendentes de aplicación	-3.469,47 €
3.- Fondos líquidos de tesourería a fin de exercicio	510.289,07 €
4.- Remanente de tesourería total (3+1-2)	558.070,03 €
5.- Saldo de dubidoso cobro	29.362,16 €
6.- Exceso de financiamento afectado	19.640,76 €
Remanente de tesourería para gastos xerais (4-5-6)	509.067,11 €

CONCEPTOS	DERECHOS RECONOCIDOS NETOS	OBLIGACIONES RECONOCIDAS NETAS	AJUSTES	RESULTADO PRESUPUEST.
a. Operaciones corrientes	1.031.850,13	1.004.312,72		27.537,41
b. Operaciones de capital	170.005,93	250.809,19		-80.803,26
1. Total operaciones no financieras (a+b)	1.201.856,06	1.255.121,91		-53.265,85
c. Activos financieros	0	0		0
d. Pasivos financieros	0	0		0
2. Total operaciones financieras (c+d)	0	0		0
I. RESULTADO PRESUPUESTARIO DEL EJERCICIO (I=1+2)	1.201.856,06	1.255.121,91		-53.265,85
AJUSTES				
3. Créditos gastados financiados con RTGG			520.379,80	
4. DF negativas del ejercicio			164.133,92	
5. DF positivas del ejercicio			67.937,48	
II. TOTAL AJUSTES (II=3+4-5)			616.576,24	
RESULTADO PRESUPUESTARIO AJUSTADO (I+II)				563.310,39

Segundo: Informe de 31.03.2022 de avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, de débeda pública e do cumprimento da regra de gasto no que se indica que “A Liquidación do Orzamento Xeral do exercicio 2021 non cumpre co obxectivo de estabilidade presupostaria, cumpre co límite de débeda establecido, non excede do Período Medio de Pagamento establecido. Non obstante, a este respecto compre sinalar que o Consello de Ministros, mediante acordo do 27 de xullo de 2021, o cal foi ratificado polo Pleno do Congreso dos Deputados o 13 de setembro de 2021, aprobou a eliminación das regras fiscais. Isto implica que as administracións públicas non están sometidas durante o exercicio 2021 e 2022 ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, sustentabilidade financeira e regra de gasto previstos na lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.”

Aberta a quenda de intervencións, comeza o Sr. Alcalde, Benigno Galego Castro expoñendo : Este punto é dar conta e non temos que votar pero foi enviado o documento. ¿Tedes algunha pregunta ao respecto?

Toma a palabra o Sr. Alberto Javier Rey Paz: Si, eu teño unha pregunta. No cadro no que se presentan as cantidades de liquidación, orzamento de gastos, os créditos orzamentarios definitivos supoño que será o orzamento definitivo do 2021 de dous millóns seis centos noventa e un mil seis centos setenta e catro euros.

E entendo que esas obrigas recoñecidas netas é o que realmente se executou de ese orzamento ou sexa que non se gastaron do 2021 : 1.300.000,00 €.

Estou falando do informe de secretaria intervención.

Resposta o Sr. Alcalde: Figuran recollidas todas as subvencións que están sin executar, aquí veñen recollidos os 600.000 euros do IDAE, subvencións que aínda están para licitar, están incorporadas. Esta o PO que se esta executando, están pendentes por eso é unha cantidade elevada. Agader que son tamén 70 e pico mil euros, Eso, subvencións pendentes.

Seguidamente intervén o Sr. Alberto Javier Rey Paz: Esta claro, nada mais.

Sr. Secretario: ¿En que páxina Sr. Alberto J. Rey Paz?

Matiza o Sr. Alberto Javier Rey Paz: Pois, na segunda paxina

Pide a palabra o Sr. Secretario: Efectivamente corresponde ó Orzamento definitivo a final de ano con todas as modificacións orzamentarias entre elas o IDAE, o POS e subvencións.

Obrigas recoñecidas son as que se recoñeceron a 31-12 do 2021 : 1 millóns dous centos e claro o IDAE e demais subvencións están sin executar.

O Pleno do Concello de Cerdido dáse por informado.

Sexto.- Dar conta ao Pleno da sentenza 00165/2022 datada o 7 de abril do 2022 do Xulgado do Social núm. 1 de Ferrol.

Dáse conta ó Pleno do Concello da sentenza 00165/2022 de 07.04.2022 do Xulgado do Social N. 1 de Ferrol no procedemento ordinario 0000357/2021.

Presentouse demanda ante o Xulgado do Social N. 1 de Ferro da demandante D^a Maria del Mar Caneiro Perez contra o Concello de Cerdido, en reclamación de recoñecemento de dereito e reclamación de cantidade.

Celebrouse o acto de xuízo o día 04.04.2022 e ditouse a sentenza o 07.04.2022 na que estima parcialmente a demanda de D^a Maria do Mar Caneiro Perez contra o Concello de Cerdido, declarando indefinida non fixa a relación laboral da demandante co demandado, coas consecuencias legais inherentes a tal declaración; e condenando ao demandado ao pago á demandante das diferenzas retributivas reclamadas para o período de entre a mensuralidade de maio 2020 e a de marzo de 2022, ambas as mensuralidades incluídas, no importe de 16.485,92 euros brutos, así como a continuar o demandado abonando á demandante o seu salario conforme á retribución do posto funcional de administrativa mentres realice funcións de administrativa durante a maior parte da súa xornada laboral.

Aberta a quenda de intervencións, comeza o Sr. Alcalde : Enviouse tamén a sentenza recollida, ¿Tedes algunha pregunta?.

Toma a palabra o Sr. Alberto Javier Rey Paz : Temos un comentario. Está claro que acatamos a sentenza, como non podería ser doutra forma, estamos de acordo en que a traballadora ou traballador que fixo esas tarefas administrativas pois loxicamente debe cobralas e se o tribunal di que ten que ser laboral indefinido e non fixo pos ben dito esta, tamén estamos de acordo. Non sei, eu que estiven no ámbito privado, pois existen maneiras de reclamar estas cuestións sen chegar aun xulgado, non sei se no ámbito publico non existen outras vías e ai que ir directamente o xulgado, porque esta claro que isto ocasiona custos ao Concello. Non falo da indemnización a traballadora, falo dos custos do xuízo.

Por outra parte, respecto a esta sentenza mais ben a denuncia creo que é unha negligencia por parte do concello porque non sei se chamalo delito ou presunto delito, ou negligencia. Esta claro que esta traballadora estaba contratada como animadora sociocultural e estamos solicitando unha subvención a Deputación para este posto de traballo desde que ela reclama estas funcións e realiza funcións administrativas o cal non me cadra.

Se a subvención é do 100% das horas de esa traballadora non podería estar realizando labores administrativas. Se a necesidades para labores administrativas xa deberíades de haberlle pagado por elo e deberíades de ter contratado un animador sociocultural se é necesario coa axuda da Deputación pero isto é un fraude de subvención ou eu non entendo.

Aparte da denuncia desta traballadora, hai outras dúas denuncias de outros dous traballadores. Neste caso reclaman un plus de produtividade.

Resposta o Sr. Alcalde : Se che parece, por non irnos a formalismos. De dar conta non debería haber debate e polo tanto votación e polo tanto se queredes acabamos con este punto e deixamos o outro para rogos e preguntas, ¿pareceche?

O Sr. Alberto Javier Rey Paz di : Dame igual, váleme.

A continuación intervén o Sr. Alcalde : Así non mesturamos varios procedementos.

Pouco che teño que dicir, a sentenza non e firme e polo tanto non me vou pronunciar moito. É o caso dunha traballadora que leva contratada desde o 1999 e o último contrato e asinado no 2007. Eu chego aquí no 2015 e a situación é que esa traballadora xa facía funcións administrativas por falta de persoal, desde o 2015 non se pode ou podía contratar persoal. Falase ca traballadora e outro funcionario pola xubilación de Daniel, así está facendo estas tarefas mentres non se contrate outro persoal. Pouco máis teño que dicir porque todos sodes coñecedores da situación que conleva

Falas da subvención da Deputación que non é do 100% pois a Deputación da 10.000 €, non chega nin a 10.000 €

Intervén a continuación o Sr. Alberto Javier Rey Paz : ¿Non é o 100%?

Resposta o Sr. Alcalde : Non é o 100% do soldo.

Continua o Sr. Alberto Javier Rey Paz expoñendo : Falo da xornada laboral da animadora sociocultural, o soldo non ten nada que ver. ¿A xustificación de esa subvención non é o 100% da xornada ou pode dedicarse ao 50% como animadora sociocultural e o 50% a tarefas administrativas?

Resposta o Sr. Alcalde : Habería que mirar pero o que si sei é que a subvención non é ao 100%. Isto sería volver moito para atrás pois todos coñecemos a situación pois o último contrato que ten asinado é do 2007, 2008 e 2009. Descoñezo no ámbito privado como se fai pero no ámbito publico ten que ser cunha sentenza xudicial, non sei se existe outra posibilidade pero é unha opción do traballador, un dereito.

Toma a palabra o Sr. Alberto Javier Rey Paz: Pode reclamar cantidades sen chegar a un xulgado.

Pide a palabra o Sr. Secretario para dicir : Pode reclamar previamente pero aquí non consta este extremo, foi directamente ao xulgado.

Seguidamente o Sr. Alcalde expón : É un dereito do traballador que interpretou que era o máis adecuado e non vou entrar a valorar.

Novamente pide a palabra o Sr. Secretario: Incluso a demandante pedía cousas que desde a vía administrativa non se podían recoñecer baixo ningún concepto pois non pasaría polos principios constitucionais de mérito, igualdade e publicidade. Esa fixeza que reclamaba non se podería recoñecer en vía administrativa. Estimase o recurso parcialmente.

Seguidamente intervén a Sra. María Amalia Díaz Rodríguez: Aquí o que hai é pouca empatía entre o Concello e os empregados porque existen procesos xudiciais con tres empregados.

Vos dixestes un día que tiñamos que ser empáticos cos empregados como foi o rexistro do tema dos eólicos que non se rexistraban as alegacións, que tiñamos que ser comprensivos coa carga de traballo pero vosoutros vos predicades pero non dades exemplo.

Continua o Sr. Alcalde: Sra. Amalia Díaz, unha cousa. Eu non lle podo recoñecer a un traballador que sexa fixo ou non, non é cuestión de empatía ou non. Entón é un dereito do traballador ir ao xulgado pero non vai contra o Alcalde, leva a situación do Concello que leva dende o 1999 contratada cuxo último contrato foi asinado no 2007 e eu entro no 2015, polo tanto é unha situación a mirar pero todos sabedes que os orzamentos non permitían contratar máis xente, tiñamos que adaptarnos pois non existía mais posibilidade. Agora estamos preparando unhas bolsas.

Neste caso, non é cuestión de empatía. É cuestión de que non podo recoñecerlle a unha traballadora que sexa fixa, neste caso.

A continuación o Sr. Alberto Javier Rey Paz di : Debe ser porque hai publico pero te estás desviando do tema. Estamos dicindo que acatamos a sentenza, que nos parece ben.

Toma a palabra a Sra. María Amalia Díaz Rodríguez: O que está claro é que si está realizando traballos administrativos pos terá que cobrar como un administrativo.

Seguidamente intervén o Sr. Alberto Javier Rey Paz : Imos chegar máis ao fondo do asunto. Esta traballadora ou traballadora non o vamos nomear e para facer as labores que describe na denuncia ten que contar coas claves de acceso da Deputación e a animadora sociocultural non ten acceso a esas claves que de algún lugar saíron e polo tanto alguén cometeu algunha negligencia bastante grave, dar unhas claves de acceso a esas aplicacións informáticas pois esa traballadora non está autorizada a entrar nesas aplicacións.

Eu non digo que non sexa preciso que realice esas tarefas administrativas pero entón non pidas esa subvención para animadora sociocultural, entón podemos deixar a esa traballadora como administrativa e contratar a outro animador sociocultural.

O que non se pode facer é pedir a subvención para animadora sociocultural que non existe. Esa traballadora non pode facer de administrativa. ¿Como pode estar utilizando unhas claves secretas dunha aplicación informática da Deputación? ¿Con qué autorización? ¿Quen autorizou iso, o Alcalde? ¿O Secretario ou Secretaria que sería en aquel entón?.

O Sr. Alcalde acalara : Non son unhas claves secretas, cada traballador ten unhas claves.

Toma a palabra novamente o Sr. Alberto Javier Rey Paz: Claro, pero tes que estar autorizado para acceder e ela non o está.

Seguidamente intervén o Sr. Alcalde : Voltamos ao mesmo, aquí a situación que había falando desde que chego eu no 2015, das persoas en tarefas administrativas e rexistro.

O Sr. Alberto Javier Rey Paz matiza : Amin non me fales de cando non estaba eu que non me interesa. Eu estou falando do momento actual, do momento que coñezo eu.

Pois si vedes que levan mal dende o 2009 e entrades aquí pois o que tedes que facelo é corrixilo.

Finalmente intervén o Sr. Alcalde para sinalar que pasamos ao seguinte punto.

O Pleno do Concello de Cerdido dáse por informado.



Sétimo.- Dar conta ao Pleno das Resolúcións de Alcaldía.

Núm.	Data	Asunto
39/2022	22/02/2022	AGADER 2022
40/2022	23/02/2022	Convocatoria Pleno ordinario febreiro 2022
41/2022	24/02/2022	Ampliación do prazo de execución Mellora abastecemento en A Campeira
42/2022	25/02/2022	Fondo de Compensación Ambiental 2022
43/2022	25/02/2022	Autorización a Asoc. de Produtores de Madeira de Cerdido, para usar a sala de actos da Casa da Cultura o día 9 de marzo de 2022
44/2022	28/02/2022	Aprobación de facturas, nóminas, produtividade e quilometraxe SAF de febreiro 2022 e seguridade social xaneiro 2022
45/2022	02/03/2022	Traballos realizados por Natalia Salgado Vázquez. Convenio Cerdido-Valdoviño
46/2022	04/03/2022	Alta no padrón municipal de habitantes en Vilela , 4, Cerdido
47/2022	08/03/2022	Relación de recibos correspondentes ó mes de febreiro do 2022 do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar
48/2022	08/03/2022	Alta no padrón municipal de habitantes en Felgosas , 66, A Barqueira
49/2022	10/03/2022	Convenio XUNTA e FEGAMP para a coordinación de actuacións no desenvolvemento do programa galego de vixilancia e control fronte á vespa asiática velutina
50/2022	14/03/2022	Arquivo licencia de edificación expediente 2020/U022/000001
51/2022	15/03/2022	Aprobación marcos orzamentarios 2022-2025
52/2022	18/03/2022	Plan concertado 2022
53/2022	23/03/2022	Convocatoria do programa de socorrismo dirixido a concellos da provincia da Coruña durante o exercicio 2022
54/2022	23/03/2022	Non división en lotes solicitude POS+ 2022 Plan de Obras e Servizos (Plan único de concellos). Anualidade 2022
55/2022	25/03/022	Liquidación dos gastos derivados do convenio de colaboración interadministrativa entre os concellos de Moeche, Cerdido, San Sadurniño e Valdoviño para o emprendemento ao desenvolvemento rural
56/2022	28/03/2022	Aprobación de nóminas, quilometraxe, Seg. Social e produtividade do mes de marzo de 2022
57/2022	29/03/2022	Aprobación de facturas marzo 2022
58/2022	30/03/2022	Convocatoria e bases de selección de persoal OPE 2020 Promoción Interna (Persoal funcionario Administrativo e Persoal laboral Oficial de servizos varios)
59/2022	31/03/2022	Axuda de Emerxencia Social
60/2022	31/03/2022	Aprobación Liquidación Orzamento 2021
61/2022	31/03/2022	Convocatoria bolsa de auxiliar administrativo e de administrativo
62/2022	31/03/2022	Cancelación e devolución del aval a Servicios Sociales Gallegos, S.L.
63/2022	05/04/2022	Alta no padrón municipal de habitantes en Abruñeiros, 1, A Barqueira



64/2022	05/04/2022	Alta no padrón municipal de habitantes en Moutillón, 12, A Barqueira
65/2022	05/04/2022	Aprobación da liquidación do IVE e o IRPF correspondentes ao 1º Trimestre de 2022
66/2022	06/04/2022	Relación de recibos correspondentes ó mes de marzo do 2022 do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar
67/2022	07/04/2022	Contrato menor para cambiar as cubertas do vehículo de recollida de lixo 1511GRY
68/2022	07/04/2022	Contrato menor para o asesoramento no proceso de estabilización de postos de traballo
69/2022	07/04/2022	Contrato menor para a modificación da Relación de Postos de Traballo
70/2022	11/04/2022	Renovación total das instalacións de alumeadado exterior municipal do Concello de Cerdido (a Coruña) modificado
71/2022	13/04/2022	Alta no padrón municipal de habitantes en Vila da Igrexa, 39, Cerdido
72/2022	20/04/2022	Solicitude Servizo Axuda no Fogar prestación básica de D. L. L. Á.
73/2022	20/04/2022	Resolución horas da colaboración administrativa entre Cerdido e Valdoviño Natalia Salgado Vázquez

Alcalde : ¿Algunha pregunta?

Toma a palabra o Sr. Alberto Javier Rey Paz: O Decreto 52, non sei de que se trata ese Plan Concertado do 2022.

Resposta o Sr. Alcalde : O Plan Concertado é o de Servizos Sociais. Debeu ser a solicitude deste ano.

Seguidamente o Sr. Alberto Javier Rey Paz sinala : A 59, a Axuda de Emerxencia Social, non sei se é a de tódolos anos.

Resposta o Sr. Alcalde : Non esta é outra, pásosche os datos como da vez anterior. ¿Qué o que queres saber en realidade? ¿O importe, a persoa?

O Sr. Alberto Javier Rey Paz sinala : Preguntaba a quen iba dirixida esa axuda de emerxencia social porque agora co tema de Ucraia ao mellor era por iso.

Continua o Sr. Alcalde : Non, é por outro caso de pago por aloxamento.

Seguidamente o Sr. Alberto Javier Rey Paz : Ahí hai dous Decretos de Convocatoria Bases de Auxiliar Administrativo e queriamos pedir que se dea máxima publicidade posible a parte da legal que se esixe, que se amplíe esa información e que toda a xente teña a opción de presentarse a estes postos de traballo, así como no caso de cando veñen os peóns de verán porque a xente en ocasións non se entera se ten que vir a mirar o taboleiro de anuncios ou non.

Resposta o Sr. Alcalde : Fáloche do caso de Peón. Os peóns teñen que cumprir uns requisitos como estar demandando emprego, nosoutros o que facemos e pedirlle a oficina do Inem que nos mande candidatos que cumpran os requisitos e non se lle pode dar máis publicidade.

A continuación a Sra. María Amalia Díaz Rodríguez pregunta : ¿Mándavos a lista o Inem ou mandádela vosoutros?.

Explica a continuación o Sr. Alcalde : Non, nos pedímoslle a o Inem xente para contratar que teñen que ser parados de larga duración, mulleres, maior de 45, teñen que cumprir unha serie de requisitos, é dicir, que nos manden xente do Concello de Cerdido que cumpran eses requisitos e veñen por aquí a cubrir a solicitude. Non porque se publique nunha prensa ou en redes sociais, na web do Concello van poder presentarse máis persoas. A xente que se pode presentar xa a manda o Inem. Eu seguiría facéndoo así, non vexo que publicidade se lle vai dar. Eles veñen por aquí coa carta que lle da o Inem para vir a solicitar o posto de traballo e levar ao Inem o xustificante.

En definitiva, o dos Peóns é un programa para xente que está parada.

O das Bolsas, eu creo que se lle deu publicidade porque o publicamos na prensa, o compartimos en redes, está publicado no Boletín e a xente que se quere enterar eu creo que ten os medios.

O que si, hay unha que non se lle vai dar publicidade pois o 58/2022 se refire a convocatoria e bases de selección de persoal OPE 2020 Promoción Interna pois a unha promoción interna só se poden presentar os traballadores que xa están contratados fixos dentro do Concello.

Toma a palabra a Sra. María Amalia Díaz Rodríguez: Sen embargo, as de auxiliar administrativo si.

Di o Sr. Alcalde : Sí, esa si. A de auxiliar administrativo e administrativo xa están publicadas as bolsas, deuse publicidade e incluso cando falten 5 ou 6 días pódese volver a enviar que se está acabando o prazo. Pero as outras non se lles vai dar máis publicidade porque é limitada a xente que está dentro.

¿Algunha dúbida máis?

O Pleno considerase informado.

ROGOS E PREGUNTAS

Aberta a quenda de rogos preguntas, comeza o Sr. Alberto Javier Rey Paz : Volvamos ao tema que nos quedou antes das dúas denuncias que reclaman cantidades, o plus de produtividade.

Volvo a repetir que descoñezo a relación laboral no ámbito público e non sei que Convenio rexe pero se os traballadores están en activo ¿porque no van a cobran o complemento de produtividade? Falo do caso do Traballador Social, a Secretaria está de baixa pero o Traballador Social están traballando ¿porque non cobra o complemento como o resto de traballadores?

Resposta o Sr. Alcalde : O resto de traballadores tampouco o cobran. Só un traballador o cobra e, sen querer entrar porque no asunto está nun Xulgado, envíoches a reclamación que existe porque eles entenden que deberían, que teñen que cobrar unha produtividade estando de baixa.

Eso quen o ten que dicir é o Xulgado, nosoutros preguntamos e entendese que, tanto no ámbito público como privado, se un traballador está de baixa non produce e non pode cobrar un complemento de produtividade pero deixo na decisión do xuíz.

No outro caso, nas bases de execución estableceense uns criterios para o complemento de produtividade e se non se cumpren eses criterios non se pode cobrar.

Pide a palabra o Sr. Alberto Javier Rey Diaz: ¿Xusto non cumpre eses criterios un traballador?

Toma a palabra o Sr. Alcalde : Estou dicindo que só un traballador cumpre para os criterios para o complemento de produtividade

Novamente o Sr. Alberto Javier Rey Paz di : Eu entendín que o cobraba todo o mundo.

O Sr. Alcalde manifesta : Non. De feito, só o cobraban durante moitos anos o persoal funcionario, cousa que tampouco comparto. O persoal laboral non cobraba.

De esa persoa que ti dis que está incorporado ao seu posto de traballo non cumpre os criterios de especial dedicación, facer cousas fora da súa xornada, por facer referencia a algúns criterios, realización de cursos, etc.

Se queres dígoche que aquí hai a aprobación dunha produtividade a un traballador que é o que está exercendo agora de Secretario do Xulgado, aparte de ser funcionario do Concello, e por eso cobra esa produtividade pero non hai ningún traballador máis que cobre produtividade. Tamén volvo dicir que non imos falar moito máis deste tema, polo menos eu, porque están no Xulgado e será o Xuíz quen decida e interprete se deben ou non deben cobrala.

Pide a palabra o Sr. Alberto Javier Rey Paz : Eu para acabar o tema este das denuncias de traballadores, está claro que evidencian que existe un conflito laboral, xa non digo entre Alcalde e traballadores ou traballadores entre si pois non sabería especificar tanto en que ámbito pero está claro que conflito laboral existe pois hai tres denuncias nun Concello onde nunca sucedeu tal cousa, algo raro pasa. O peor e que estas denuncias levan un custo económico ao Concello e quixéramos saber cando pois creo que se contratou un bufete de avogados privado para estas denuncias.

Resposta o Sr. Alcalde : Para os tres procesos tíñamos que nomear avogado e representante.

Seguidamente toma a palabra o Sr. Alberto Javier Rey Paz: Pero habendo avogado gratis na Deputación ¿porque se contrata un avogado privado do bufete privado do ex-ministro de xustiza Caamaño que é carisimo para defender ao Concello? ¿quen vai correr con eses gastos, os veciños de Cerdido? Non ten lóxica gastar en avogados.

Manifesta o Sr. Alcalde : Ese bufete xa estaba contratado para unha asesoría xurídica do Concello.

O Sr. Alberto Javier Rey Paz insiste : ¿Porque ten que estar contratado se tedes servizo xurídico gratis?

O Sr. Alcalde resposta : Esa é a tua opinión.

Toma a palabra o Sr. Alberto Javier Rey Paz: Claro que é a miña.

Seguidamente o Sr. Alcalde manifesta : É totalmente respectable pero ti vai a calquera Concello e mira se tiran do servizo xurídico da Deputación.

Novamente intervén o Sr. Alberto Javier Rey Paz : Eu o que fagan outros concellos non entro, eu digo o que está pasando en Cerdido.

Eu sei que tódolos Concellos teñen servizo gratuíto na Deputación ¿porque non se Bota man de ese servizo e se gasta nun bufete de avogados dos mais caro que hai en Coruña para ese xuízo e outros? ¿porque é vinculado ao PSOE tamén? A min que mo explique alguén.

¿Quixera saber cando vai custar ese servizo?

Toma a palabra a Sra. María Amalia Díaz Rodríguez e di : E os veciños tamén.

O Sr. Alberto Javier Rey Paz sinala : Así que si tedes o dato cando poidades pois pasen o custe de ese xuízo, de ese bufete de avogados privado, Caamaño.

Esa é unha das preguntas pero teño moitas máis.

Resposta o Sr. Alcalde : Para iso estamos.

Intervén o Sr. Alberto Javier Rey Paz dicindo : Está xa está pola miña parte.

Outra pregunta, a praza máis importante e que mais necesidade ten para o Concello é a de Tesoureiro e segue sen saír para adiante, seguen sen aparecer as bases, non sabemos nada e leva xubilado dende setembro, o proceso segue paralizado.

Resposta o Sr. Alcalde : Pero Alberto Javier Rey Paz, que temos o Convenio cunha Tesoureira acumulada.

Toma a palabra o Sr. Alberto Javier Rey Paz : Pero estamos gastando en dous traballadores máis, ¿porque non se saca esa praza de Tesourería?

Intervén o Sr. Alcalde dicindo : Pero nesta praza está unha Tesoureira habilitada nacional acumulada que está facendo as súas funcións. ¿Cal é o problema?

O Sr. Alberto Javier Rey Paz matiza : Haberá que sacar a praza de Cerdido.

Resposta o Sr. Alcalde : ¿Por que?

O Sr. Alberto Javier Rey Paz manifesta : Porque a tínhamos, tínhamos un tesoureiro.

Seguidamente o Sr. Alcalde expón : Pero sácase de administrativo, ¿porque a temos que sacar de tesoureiro se a temos cuberta?

Toma a palabra o Sr. Alberto Javier Rey Paz : Porque aquí falouse de sacar esa praza, xa antes de xubilarse Daniel falamos da praza de Tesourería.

Resposta o Sr. Alcalde : Xa antes de que se retirara Daniel a opción era a acumulación a través dun Convenio con outro Concello. A praza sacárase pero a Tesourería está cuberta por unha persoa acumulada habilitada nacional.

O Sr. Alberto Javier Rey Paz expón : Onde antes tínhamos dous traballadores, Secretaria e Tesoureiro, están Secretaria de baixa e tesoureiro xubilado, e agora son catro traballadores, Secretaria, Paula, Valdoviño e María, e os orzamentos sen facer.

Antes co traballo de dúas persoas estaban os orzamentos máis ou menos ao día, presentados en prazo e agora resulta que con dous traballadores máis estamos a finais de abril sen orzamentos.

Toma a palabra o Alcalde : Paréceme estupendo, estades na oposición e tedes que criticar pero o primeiro que tedes que preguntar é se podemos contratar hasta agora, entón eu dígoche que non. A raíz de isto fai o discurso que queiras pero non estamos sen persoal porque persoalmente busquei non estar sen persoal e comprenderás que canto máis persoal teñamos mellor. Ata o de agora non se puido contratar e se queres resumir, resume.

¿Paréceche que prefiro firmar un Convenio co Concello de Valdoviño para compartir un administrativo e vir polas tardes e traballar fins de semana a ter unha persoa a xornada? Non puiden contratar e non foi por capricho, foi porque non se daba a posibilidade, non existía informe favorable.

O Sr. Alberto Javier Rey Paz : ¿Puídeche cubrir a praza de Daniel? Si.

Resposta o Sr. Alcalde : Estou agora para cubrila, a de Tesoureiro está acumulada.

Seguidamente o Sr. Alberto Javier Rey Paz manifesta : Seis meses despois da xubilación.

Intervén o Sr. Alcalde : ¿Púidose facer ata agora? Non. ¿Podíase facer antes da xubilación de Daniel? Non.

Pide a palabra o Sr. Alberto Javier Rey Paz : Non, pero podían estar as bases de todo, Si. Ter todo preparado cando chegara o momento e non se fixo.

Resposta o Sr. Alcalde : Non se fixo porque non se puido non porque o meu interese fose estar sen persoal.

O Sr. Alberto Javier Rey Paz di : Non o sei.

Continua o Sr. Alcalde : Pois non Alberto Javier Rey Paz dígoche eu.

A continuación pide a venia o Secretario e sinala : A Tesourería actual acumulada é unha fórmula provisional e temporal. Estamos acumulados e a norma nos indica que temos que prestar o servizo fora da xornada normal laboral. Por exemplo, eu cando veño unha mañá pido o día libre en Ares con cargo aos meus días libres e por normativa cobramos o 30% do posto principal, nada máis. Ademais, por min non cotizades a Seguridade Social.

Imos tirando como podemos. É unha fórmula provisional e temporal que se terá que regularizar.

Toma a palabra o Sr. Alcalde: Son habilitados nacionais, non se pode contratar a un Secretario e ves cubrir a baixa de Paula que é o que está facendo Manuel Larrosa, ten que ser dun listado que ten a Dirección Xeral de Administración Local da Xunta de Galicia e teñen que aceptar. Pidiuse de ese listado e ninguén veu.

O Sr. Alberto Javier Rey Paz sinala : Volvedes a desviar o tema.

Resposta o Sr. Alcalde : Non o desvío.

Toma a palabra o Sr. Alberto Javier Rey Paz : Como remedio está ben feito pero non saca que o proceso tiña que empezar antes da xubilación de Daniel para que cando se xubilara ter a praza de Tesourería cuberta e non ter que chegar a este extremo.

Seguidamente toma a palabra a Sra. María Amalia Díaz Rodríguez: Como indica o Secretario é algo provisional.

O Sr. Alberto Javier Rey Paz di : É provisional pero levamos seis meses de xubilación de Daniel e segue sendo provisional.

Resposta o Sr. Alcalde : Vólvoche dicir, ¿púidose contratar antes? Non, e non porque o Alcalde non quixera. Que máis quixera eu que no 2020 poder contratar a alguén para que Daniel o fora formando e que non houbera transición ningunha. Creme que o máis interesado era eu.

Intervén o Sr. Alberto Javier Rey Paz : Eso non creo. É imposible que o crea ninguén Sr. Alcalde, isto tiña que estar previsto porque a xubilación non aparece de repente.

Resposta o Sr. Alcalde : O que queiras.

O Sr. Alberto Javier Rey Paz manifesta : Sí que o falamos. E estableceuse esta fórmula pero vaise alargando e van seis meses.

Toma a palabra o Sr. Alcalde : Aquí falouse que como non se podía contratar se firmaría un Convenio co Concello de Cedeira mentres non se puidera contratar. Se vosoutros me houberades dado unha fórmula para contratar ben pero eu os informes que tiña era que non se podía.

Non son o máis interesado en quedar sen persoal porque estou facendo horas pola tardes, os fins de semana para poder sacar o traballo adiante e incluso índonos as 12 da noite. Se ata o de agora non se fixo é porque non se puido.

Seguidamente intervén o Sr. Alberto Javier Rey Paz : Teño aquí unha queixa que incluso é un pouco particular miña. Preparastes unhas charlas sobre unhas axudas da Xunta para a rehabilitación e melloras enerxéticas e poñédela un venres Santo as sete e media da tarde o que para moita xente coma min nos foi imposible acudir.

Intervén o Sr. Cándido Eusebio Preto Lago : Pois cando puideron dar a charla. O sábado dérona en San Sadurniño e o xoves en Moeche, cando tiñan libre.

O Alcalde matiza : Esa é a tua visión pero outra moita xente entendería que haberá que dar a charla un día que non se traballe e a xente poida ir.

O Sr. Alberto Javier Rey Paz pregunta : ¿Canta xente foi?

Resposta o Sr. Cá Preto Lago : 15 persoas.

O Sr. Alberto Javier Rey Paz intervén dicindo que fáloche a nivel persoal.

Seguidamente a Sra. María Amalia Díaz Rodríguez intervén e manifesta : Eu outro día houbera ido.

Resposta o Sr. Alcalde: Ao que lle interesara pois daríalle prioridade. Déronselle en varios Concellos.

Toma a palabra a Sra. María Amalia Díaz Rodríguez: Sobre esas axudas para rehabilitación con eficiencia enerxética, teño noticia que viñeron persoas aquí ao Concello por esa liña de axudas e dixoselles que non tiñades idea desa convocatoria.

Resposta o Sr. Alcalde : Claro, non podemos asesorar a xente niso.

Novamente toma a palabra a Sra. María Amalia Díaz Rodríguez: Pero se alguén ven preguntando e sabedes desas axudas, tedes que dicirle polo menos que si existen.

A continuación o Sr. Alberto Javier Rey Paz sinala : ¿Non podedes asesorar sobre unhas axudas da Xunta?

Resposta o Sr. Alcalde : Terán que vir falar co arquitecto pois eu non podo asesoralos.

Toma a palabra a Sra. María Amalia Díaz Rodríguez que di : Simplemente dicirlles se hai esas axudas ou non.

A continuación intervén o Sr. Alcalde : Eu descoñezo como foi o caso, a min desde logo non me preguntaron. Coñezo xente que veu e remitiuseles ao arquitecto municipal.

Toma a palabra o Sr. Cándido Eusebio Preto Lago e manifesta : Dixoselles que falaron con arquitecto ou que si querían que foran ao ámbito privado.

Intervén a Sra. María Amalia Díaz Rodríguez: Eso foi antes da charla.

O Sr. Cándido Eusebio Preto Lago manifesta: ¿A quen lle preguntaron?

Continúa a Sra. María Amalia Díaz Rodríguez dicindo : Eu non o podo dicir. Viñeron ao Concello e preguntaríanlle a quen estaba no Concello. A min comentáronmo.

Toma a palabra o Sr. Alcalde : Xa sei de que caso falas porque ademais chamei eu despois a esa persoa, así que preguntalle a esa persoa se a chamei ou non.

Esa persoa viña preguntando por unhas axudas específicas que había no Concello de Cerdido ou Comarca de Ortegal e díxoselle que ese tipo de axudas específicas de eficiencia enerxética non existían no Concello e descoñecíamos ese extremo. Chameino e díxenlle que non había nada específico para o Concello de Cerdido ou Comarca do Ortegal pero si existen axudas para Concellos de reto demográfico con menos de 10.000, 5.000 e 2.000 habitantes.

Nos directamente non podemos asesorar, o arquitecto si. Á persoa que ven preguntar remíteselle ao arquitecto. Que unha boa opción é contratar un arquitecto propio para que tramite a subvención dada a complexidade de esta.

Toma a palabra o Sr. Cándido Eusebio Preto Lago que manifesta : Ou acudir a unha asesoría. Hai xente que se desenvolve ben e pode tramitala.

A Sra. María Amalia Díaz Rodríguez sinala : Pero aquí teráseme que contestar se existen ou non esas axudas.

Resposta o Sr. Alcalde : Pero a pregunta non foi esa María Amalia Díaz Rodríguez. Preguntalle a esa persoa se a chamei eu persoalmente e lle comentei que esas axudas para o Concello de Cerdido entraban coas demais. As axudas específicas se refiren ao Camiño Inglés.

A Sra. María Amalia Díaz Rodríguez di : Pero ninguén fala diso.

O Sr. Alcalde di : Ese caso foi así.

Toma a palabra o Sr. Alberto Javier Rey Díaz: Por último, relacionado tamén co que acabamos de falar. Estamos a recibir moitas queixas dos veciños pola atención ao público no Concello.

Por dicir algunha, a algún veciño dixoselle que non podían atender porque a aplicación informática non funcionaba ata as oito e media.

Intervén a Sra. María Amalia Díaz Rodríguez matizando : A do catastro.

Novamente intervén o Sr. Alberto Javier Rey Paz : Noutro, negouse o empadramento a unha persoa que fai vida aquí pero que non durme aquí en Cerdido.

A Sra. María Amalia Díaz Rodríguez engade : E foise empadroar a Valdoviño onde non lle esixiron ningún requisito.

Toma a palabra o Sr. Cándido Eusebio Preto Lago manifestando : Fai un pouco falabades de empatía cos traballadores e agora estades criticando ao traballadores.

Intervén o Sr. Alberto Javier Rey Paz : Claro, estou facendo unha crítica porque o mellor non sabes o que está pasando e quero que o saibades. Falo para que conste en acta.

Non sei os criterios de empadramento pero non se pode dicir que por non durmir en Cerdido non se poida empadroar.

Toma a palabra a Sra. María Amalia Díaz Rodríguez dicindo : E máis, é unha persoa que desenrola aquí a súa vida laboral.

O Sr. Alberto Javier Rey Paz matiza : E que se non funciona unha aplicación informática pois señor non se preocupe, deixeme o número de teléfono ou referencia que lle busco pero o que non se lle pode dicir a un veciño e que volva a hora que funciona a aplicación.

Resposta o Sr. Alcalde : Descoñezo eses casos, agradeceríache que me dixeras que persoas porque me quero interesar polo caso.

O de empadroar a unha persoa, sempre e cando teña vivenda ou alguén lle autorice está ben.

Intervén a Sra. María Amalia Díaz Rodríguez dicindo : Ten contrato de aluger.

Intervén novamente o Sr. Alcalde : Pois non entendo que mal entendido puido haber para que non se puidera empadroar.

Aquí o que se pide e saber se tes vivenda ou te autoriza alguén a empadroarte. Non se pide saber se durmes ou traballas.

Así que me estraña o caso e agradeceríache que me dixeras a persoa, fora de Pleno, para consultar o caso en concreto.

Contesta a Sra. María Amalia Díaz Rodríguez dicindo : O caso é así tal cal.

Continua o Sr. Alcalde : Respecto ao Catastro, estando eu esa contestación non se dá. Mirarei o que sucede. Si é certo que si existe un fallo na aplicación non se pode mirar e a aplicación do Catastro é habitual que estea en mantemento.

Pero de ahí a dicirle que ten que vir as oito e media non me consta. Comprométome a interesarme polo asunto e que non volva suceder.

Intervén o Sr. Cándido Eusebio Preto Lago : Eu entendo que puido haber un mal entendido.

Toma a palabra o Sr. Alberto Javier Rey Paz : Como se non funciona en todo o día. Eu o que digo é que o funcionario deberá preguntarlle ao veciño o que quere consultar e no momento que funcione chamar a persoa.

Toma a palabra o Sr. Cándido Eusebio Preto Lago e manifesta : As cousas mal explicadas poden dar lugar a mal entendidos.

Continua o Sr. Alcalde sinalando : Eu do que vexo, sempre se lle facilita todo ao veciño.

Toma a palabra a Sra. María Amalia Díaz Rodríguez : Como ten que ser.

Seguidamente intervén o Sr. Alberto Javier Rey Paz : Recibimos máis cuestións aínda que non son tan rechamantes.

A continuación toma a palabra a Sra. María Amalia Díaz Rodríguez: Outra persoa quere domiciliar o lixo no seu lugar de traballo, onde ten o aluger e non lle queren cambiar eso, dinlle que ten que ir a dirección que figura no seu DNI.

Intervén o Sr. Cándido Eusebio Preto Lago : Eso pode ser.

Toma a palabra a Sra. María Amalia Díaz Rodríguez: A esa persoa chocoulle porque onde fai a sua vida é ahí.

Seguidamente intervén o Sr. Alcalde : Eu non creo que sexa así.

O Sr. Cándido Eusebio Preto Lago manifesta : A nos pasounos, ter problema pola dirección.

Despois o tema da domiciliación na Deputación é complexo.

Intervén o Sr. Alcalde : Tódolos recibos van por Deputación e quen ten que facer todos cambios é Deputación. Unha vez que está aprobado o padrón e o enviamos a Deputación non se modifica ata o ano. Entón a confusión ven por ahí.

Toma a palabra a Sra. María Amalia Díaz Rodríguez: Esa non é a cuestión. A cuestión é que lle dixeron taxativamente que eso non podía ser así. Non coñezo a norma e por iso pregunto.

Resposta o Sr. Alcalde : Sra. María Amalia Díaz Rodríguez, entende que se me facilitas o dato da persoa mirámolo pero falando así non sei cal puido ser o mal entendido porque Deputación non ten porque facer iso.

Intervén a Sra. María Amalia Díaz Rodríguez: Aquí dixestes sempre de non dicir nomes. É un caso real e verídico, transmitiame isto e por iso vos pregunto.

A continuación o Sr. Alberto Javier Rey Paz expón : Habería que falar ca persoa para saber si se pode dar o nome ou non.

Pide a palabra o Sr. Cándido Eusebio Preto Lago e di : Suporto que se está interesado en que comentedes o asunto pois non terá problema en que lle deades o nome ao Alcalde.

Intervén o Sr. Alcalde : O que lle podedes recomendar e que se lle volve pasar algo así que poña unha reclamación por escrito para solucionalo. Rexistro e contestamoslle.

Seguidamente a Sra. María Amalia Díaz Rodríguez manifesta : Teño máis cousas.

Respecto as obras do POS coméntanme os veciños de Freis a Regueirolongo que aínda non lles toca o asfaltado desta volta porque non aparecen no artigo, non se menciona o vial.

Resposta o Sr. Alcalde : Aínda temos que contratar.

Novamente intervén a Sra. María Amalia Díaz Rodríguez: Un veciño díxome que lle habías comentado precisamente ti que en febreiro ou marzo estaría listo. Tódolos viais da redonda xa están finiquitados.

Intervén o Sr. Alcalde : A ese autorizounos a Deputación fai pouco pois faltaba unha autorización AXI, xa a temos e poderemos contratar pero descoñezo a que veciño lle dixen eso, aínda que pode que ser porque a miña intención era contratar canto antes pois é un proxecto do POS Adicional 2021.

De feito tamén nos autorizaron a obra do Castro, o cambio de carpintería no Castro. Están autorizadas de fai dúas semanas.

Toma a palabra a Sra. María Amalia Díaz Rodríguez: Entón ¿cando será efectivo o arranque das obras? Máis ou menos para darlles unha alegría.

Resposta o Sr. Alcalde : Contamos con sacalas canto antes.

Novamente toma a palabra a Sra. María Amalia Díaz Rodríguez: Tamén, xente que transita a pista que vai do Campo do Hospital a Felgueiras e comentan que está en condicións deplorables.

Toma a palabra o Sr. Cándido Eusebio Preto Lago que di : Creo que xa trouxemos a Pleno esa cuestión anteriormente.

Intervén o Sr. Alcalde que pregunta : ¿Esa é a pista forestal, verdade?

A Sra. María Amalia Díaz Rodríguez di : Non sei se é forestal pero pode ser.

Continua o Sr. Alcalde : Sí é unha pista forestal que nin de zahorra creo que é. Está pedida a Xunta unha subvención para limpala, poñer zahorra porque é unha pista bastante ancha. Fixoselle algo, botouse pedra porque nace auga para drenar pero o que hai que pensar en que é unha pista forestal.

Toma a palabra a Sra. María Amalia Díaz Rodríguez: Unha pista forestal tamén lle chamades o tramo de Regueirolongo e son 200 metros de pista que comunican dous lugares habitados e foi parcialmente asfaltada no seu día.

Resposta o Sr. Alcalde : Pero esa si que se vai asfaltar.

Novamente intervén a Sra. María Amalia Díaz Rodríguez: Eu o camiño de Vilela non o fun a ver pero probablemente tamén sexa forestal e leva un baño de alcatrán.

Resposta o Sr. Alcalde : En Vilela asfaltamos a pista principal. Preparouse dende as casas de Vilela de arriba hasta a saída.

As forestais facemoslle unha reparación con zahorra e limpeza pois non son para circular, son para ir amodo.

Toma a palabra a Sra. María Amalia Díaz Rodríguez e di : As principais, ¿tedes por costume alquitrantar?

Resposta o Sr. Alcalde : Aglomeralas.

Seguidamente a Sra. María Amalia Díaz Rodríguez di : Aglomeralas, perdón ¿Entón porque no seu día a pista que comunica Freis con Dias iba ser aglomerada? Incluso que algún veciño falou cos traballadores pero despois quedou sen aglomerar.

Resposta o Sr. Alcalde : Sra. María Amalia Díaz Rodríguez, son dous criterios os que utilizamos. Un, que sea pista principal e outro, que estea en malas condicións. Non imos aglomerar pistas que estean ben se so precisa un amaño.

Ahí fíxose un bacheo pequeno.

Intervén a Sra. María Amalia Díaz Rodríguez dicindo : Que va, esa foi bastante obra.

Resposta o Sr. Alcalde : Pode ser que esa pista se mirara de aglomerar, xa antes de nosoutros, pero optouse con bo criterio por botar formigón e facer a cuneta máis ancha pois a pista era estreita.

A Continuación a Sra. María Amalia Díaz Rodríguez manifesta : Que por certo quedou moi perigosa porque as cunetas son fondísimas e onde antes cabían dous coches agora imposible.

Intervén o Sr. Cándido Eusebio Preto Lago e di : Se a aglomeras queda peor aínda.

Toma a palabra a Sra. María Amalia Díaz Rodríguez: Pois a cuneta está fatal, queremos unha cousa intermedia.

Resposta o Sr. Alcalde : Vaise aglomerar para ver que resultado nos da pois hai xente que está contenta, son 3 centímetros de aglomerado e veremos como queda. A idea e que a pista non estea mal.

Pero ao caso da tua pregunta, está autorizado para contratar e vaise contratar canto antes xunto con outras.

Temos outra que como vai pasar o rally case que esperamos a eso. Temos varios dos proxectos do POS que se aprobaron este ano.

E non habendo mais preguntas, sendo as 22 horas e 6 minutos, levántase a sesión.

Documento asinado electrónicamente polo Alcalde, Benigno Galego Castro na data indicada a marxe.